

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014520	IES Plurilingüe Pedra da Auga	Ponteareas	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación en Valores Cívicos e Éticos	3º ESO	1	35

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

O IES Pedra da Auga (36014520) é un centro de educación secundaria situado na rúa Feliciano Barrera S/N de Ponteareas na provincia de Pontevedra. Trátase dun centro vilego, aínda que recibe tamén alumnado do rural. Os estudos que se imparten no centro son: ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grao medio (Instalacións eléctricas e automáticas; Xestión administrativa e Electromecánica de vehículos automóbiles) de grao superior (Administración e finanzas) e Formación Profesional Básica (Servizos administrativos e Electricidade e electrónica).

A educación en valores cívicos e éticos constitúe un requisito necesario tanto para o exercicio activo e responsable da cidadanía como para o desenvolvemento da autonomía moral e da personalidade do alumnado. Non hai dúbida de que estes dous propósitos se encontran relacionados entre si, en canto non é posible un exercicio activo e responsable da cidadanía democrática sen un compromiso ético persoal, libre e fundamentado, con determinados principios e valores. De aí a necesidade de que toda educación cívica ou en valores estea traspasada por ese exercicio reflexivo e crítico sobre a moral individual e colectiva que representa a ética filosófica.

En termos xerais, e de acordo cos obxectivos educativos e co perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico, a formación en valores cívicos e éticos implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas, e actitudes, así como os valores que lle permiten ao alumnado tomar conciencia da súa identidade persoal e cultural, afrontar cuestións éticas fundamentais e adoptar unha actitude consecuente co carácter interconectado e ecodependente da súa vida en relación coa contorna; todo iso co obxecto de poder apreciar e aplicar con autonomía de criterio aquelas normas e valores que rexen a convivencia nunha sociedade libre, plural, xusta e pacífica.

A materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos supón un maior nivel de profundación e desenvolvemento dos catro ámbitos competenciais fundamentais sobre os que se organizaba, como área, na educación primaria. O primeiro é o do autoconhecimento e o desenvolvemento da autonomía moral. O segundo atende á comprensión do marco social de convivencia e ao compromiso ético cos principios, valores e normas democráticas que o rexen. O terceiro refírese á adopción de actitudes compatibles coa sustentabilidade da contorna desde o entendemento da nosa relación de inter e ecodependencia con el. E, finalmente, o cuarto, máis transversal e dedicado á educación das emocións, ocúpase de desenvolver a sensibilidade e a conciencia e xestión dos afectos no marco da reflexión sobre os valores e os problemas éticos, cívicos e ecosociais. Pola súa vez, cada un destes ámbitos competenciais desenvólvese en dous niveis integrados: un máis teórico, dirixido á comprensión significativa dos conceptos e cuestións máis relevantes da materia; e outro, máis práctico ou instrumental, orientado a promover, desde a reflexión crítica e o diálogo argumentativo, condutas e actitudes acordes con aqueles valores éticos, cívicos e ecosociais que orientan á convivencia.

En canto aos criterios de avaliación, estes formúlanse en relación directa con cada un dos catro obxectivos da materia e han de entenderse como ferramentas de diagnóstico e mellora en relación co nivel de desempeño que se espera da adquisición daquelas. Os criterios de avaliación teñen un claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos da aprendizaxe, o cal esixe o uso de instrumentos de avaliación variados e axustables aos distintos contextos e situacións de aprendizaxe.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia distribúense en tres bloques.

- 1º «Autoconhecimento e autonomía moral»: No primeiro deles, denominado , trátase de invitar o alumnado a unha investigación sobre aquilo que o constitúe e diferenza como persoa, promovendo a xestión das súas emocións e desexos, así como a deliberación racional sobre os propios fins e motivacións. Este

exercicio de autodeterminación esixe, naturalmente, afrontar algunhas cuestións éticas de relevancia, como as referidas á autonomía e a heteronomía moral, a vontade e a construción do xuízo moral, a práctica e identificación de virtudes e sentimentos morais e, en xeral, a reflexión sobre os

valores, principios e normas que orientan as nosas accións como persoas e cidadáns. Pola súa vez, para entender o peso que a reflexión ética ten na nosa vida, convén que alumnas e alumnos poñan a proba o seu xuízo e capacidade de criterio afrontando aquelas cuestións que afectan máis directamente a súa vida persoal, como as vinculadas coa autoestima, as relacións afectivas, a liberdade de expresión e outros dereitos individuais, a prevención dos abusos e o acoso, as condutas aditivas ou á influencia dos medios e redes de comunicación.

- 2º «Sociedade, xustiza e democracia»: No segundo dos bloques, denominado «Sociedade, xustiza e democracia», preténdese que o alumnado comprenda a raíz social e cultural da súa propia identidade, recoñecendo así o poder condicionante das estruturas sociais ás que pertencen. Para iso, terá que comprender certas nocións políticas fundamentais, identificar e valorar os principios, procedementos e institucións que constitúen o noso marco democrático de convivencia, e afrontar de modo reflexivo e dialogante a controversia ideolóxica sobre as normas e os valores comúns. Logo desta parte máis teórica centrada na socioloxía e na filosofía política, o bloque afronta unha segunda tarefa de asimilación que debe contrastarse no diálogo sobre os problemas éticos máis urxentes (a situación dos dereitos humanos no mundo, a desigualdade e a pobreza, a igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, a violencia de xénero, o respecto á diversidade e ás minorías, o fenómeno migratorio, a crise climática etc.),

así como mediante a implementación de procedementos e valores democráticos na contorna escolar e cotiá do alumnado.

-3º«Desenvolvemento sustentable e ética ambiental» Para rematar, no terceiro bloque, denominado «Desenvolvemento sustentable e ética ambiental»

perséguese, a través do traballo interdisciplinar e do cultivo do pensamento sistémico, unha comprensión básica daquelas relacións de interdependencia, interconexión e ecodpendencia que determinan a interacción entre as nosas formas de vida e o medio social e natural. Esa tarefa comprensiva é o requisito para emprender o debate ético ao redor dos grandes problemas ecosociais

que marcan a axenda mundial (a degradación do planeta, o cambio climático, a perda de biodiversidade etc.), así como daqueles obxectivos, alternativas e hábitos de coexistencia sustentable que poidan asegurar a perduración dunha vida humana digna e xusta en harmonía coa contorna.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Inquirir e investigar canto se refire á identidade humana e a cuestións éticas relativas ao propio proxecto vital, analizando criticamente información fiable e xerando unha actitude reflexiva respecto diso, para promover o autoconhecimento e a elaboración de formulacións e xuízos morais de maneira autónoma e razoada.	2				1	1-2-3		
OBX2 - Actuar e interactuar de acordo con normas e valores cívicos e éticos, a partir do recoñecemento fundado da súa importancia para regular a vida comunitaria e a súa aplicación efectiva e xustificada en distintos contextos, para promover unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común.	5	3		3		1-2-3-4		1
OBX3 - Entender a natureza interconectada e inter e ecodpendente das actividades humanas, mediante a identificación e a análise de problemas ecosociais de relevancia, para promover hábitos e actitudes eticamente comprometidos co logro de formas de vida sustentables.			5		2	1-2-3-4	1	
OBX4 - Mostrar unha adecuada estima de si mesmo e da contorna, recoñecendo e valorando as emocións e os sentimentos propios e alleos, para lograr unha actitude empática e coidadosa con respecto aos demais e á natureza.	1				1-2-3	1-3		3

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu e os outros	Introdución ao estudo das persoas como individuos e unha breve reflexión sobre a natureza humana. Neste tema analizamos as capacidades que nos definen como seres humano, como podemos chegar a	12	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu e os outros	coñecernos nos mesmos, como son as nosas emocións e como precisamos convivir con outros seres humanos. Neste sentido é importante destacar de que forma nos relacionamos e que tipos de relacións establecemos.	12	4	X		
2	Os principios que rexen as nosas accións	Reflexión sobre a relevancia do pensamento crítico así como o papel que desempeñan a moral e a ética nas nosas accións, os referentes morais e os tipos de éticas que existen. Tamén analizamos as relacións e diferenzas entre moralidade e legalidade.	11	4	X		
3	A nosa contorna	Unidade didáctica centrada na análise dos grupos de persoas que temos ao noso redor e a forma en como nos relacionamos con eles. Analízanse os principios conflitos que se desenvolven na familia, no grupo de amigos e no centro educativo.	11	4	X		
4	Vivir en sociedade	Tema centrado na análise das sociedades, cales son os grupos de pertenza e o fenómeno das migracións e as problemáticas relativas as mesmas dende o punto de vista da poboación migrante como para a autóctona. Reflexión sobre o interese das sociedades interculturais, a desigualdade social e os diferentes retos que xera a convivencia.	11	4		X	
5	Vivir en democracia	Repaso das diferentes formas de organización política ao longo da historia así como a reflexión crítica sobre o que significa o Estado de dereito, os valores que caracterizan a democracia, a importancia da responsabilidade fiscal e a memoria democrática.	11	4		X	
6	Os dereitos humanos	Análise dos dereitos humanos, as súas características e a súa evolución histórica ata a Declaración Universal. Reflexión crítica sobre a relevancia da defensa dos dereitos da muller e do neno así como das diferentes formas de violación de ditos dereitos na actualidade.	11	4		X	
7	Desigualdade nun mundo global	Descrición e análise da globalización económica e análise das desigualdades que se observan entre os países así como dentro dos mesmos. Reflexión sobre como se actúa contra a pobreza e a axuda ao crecemento sostible.	11	4			X
8	Sostibilidade e medio ambiente	Análise sobre a pegada da nosa vida e da actividade económica no planeta, a necesidade de protexer ao medio ambiente e os animais así como da adquisición de hábitos de vida sostibles. Reflexión sobre a	11	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Sostibilidade e medio ambiente	aplicación dos Obxectivos de Desenvolvemento sostible na propia contorna: escola, barrio, concello e provincia.	11	4			X
9	Accións para un mundo mellor	Descubrimos cales son os proxectos de diferentes individuos, Estados e ONG tanto nacionais como internacionais así como outros organismos para rematar co drama dos conflitos armados e reducir na medida das nosas posibilidades os graves problemas sociais, económicos e medioambientais que supoñen un reto para o mundo.	11	3			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu e os outros	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta, a partir da investigación e do diálogo arredor de diversas concepcións sobre a natureza humana.	Construír e expresar un concepto axustado de si mesmo recoñecendo as múltiples dimensións da súa natureza e personalidade, así como da dimensión cívica e moral desta	TI	100
CA1.2 - Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas, demostrando autoestima e compartindo un concepto adecuado do que deben ser as relacións con outras persoas, incluíndo o ámbito afectivo-sexual.	Identificar, xestionar e comunicar ideas, emocións, afectos e desexos con comprensión e empatía cara ás demais persoas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A natureza humana.</li> <li>- Liberdade e moralidade como características especificamente humanas.</li> <li>- A identidade persoal, o cruzamento de camiños entre a natureza, a crianza e o proxecto vital.</li> <li>- A educación de emocións e sentimentos.</li> <li>- A autoestima persoal.</li> <li>- A igualdade e o respecto nas relacións con outras persoas.</li> </ul>

Contidos
- A educación afectivo-sexual.

UD	Título da UD	Duración
2	Os principios que rexen as nosas accións	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso	PE	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A ética dentro do conxunto de saberes filosóficos.</li> <li>- O obxecto da ética.</li> <li>- A aplicación da ética: a orientación para a resolución de problemas complexos sobre como actuar.</li> <li>- Análise das accións.</li> <li>- Os motivos da acción: desexos e razóns.</li> <li>- A vontade como razón práctica.</li> <li>- A autonomía da vontade.</li> <li>- A responsabilidade das accións.</li> <li>- A ética e as éticas como guías das nosas accións.</li> <li>- O xuízo moral: as normas, o valor e o valioso, as virtudes, os sentimentos morais.</li> <li>- Universalismo e pluralismo moral.</li> <li>- Éticas da felicidade, éticas do deber, éticas da virtude.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ética e dereito.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>- O conflito lexitimidade-legalidade.</li> <li>- A obxección de conciencia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	A nosa contorna	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Desenvolver e demostrar autonomía moral mediante a práctica da deliberación racional, o uso de conceptos éticos e o diálogo respectuoso cos demais, arredor de distintos valores e modos de vida, así como a problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	Reflexiona sobre problemas relacionados co exercicio dos dereitos individuais, o uso responsable e seguro das redes, as condutas adictivas e o acoso escolar.	PE	100
CA1.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si e das demais persoas, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Analiza e expresa de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ética e dereito.</li> <li>- Semellanzas e diferenzas entre ética e dereito.</li> <li>- O conflito lexitimidade-legalidade.</li> <li>- A obxección de conciencia.</li> <li>- Os dereitos individuais e os deberes cidadáns.</li> <li>- O debate sobre a liberdade de expresión.</li> <li>- A ética na sociedade actual.</li> <li>- O problema da desinformación.</li> <li>- A protección de datos e o dereito á intimidade.</li> </ul>



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O ciberacoso e outras formas de violencia nas redes sociais.</li> <li>- As condutas adictivas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Vivir en sociedade	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común, a partir da investigación sobre a natureza social e política do ser humano e o uso e comprensión crítica dos conceptos de lei, poder, soberanía, xustiza, Estado, democracia, memoria democrática, dignidade e dereitos humanos.	Promover e demostrar unha convivencia pacífica, respectuosa, democrática e comprometida co ben común	PE	100
CA2.2 - Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas, planificar accións coordinadas e resolver problemas aplicando procedementos e principios cívicos, éticos e democráticos explícitos.	Fomentar o exercicio da cidadanía activa e democrática a través do coñecemento do movemento asociativo e a participación respectuosa, dialogante e construtiva en actividades de grupo que impliquen tomar decisións colectivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A sociedade humana: natureza e orixe.</li> <li>- As estruturas sociais e os grupos de pertenza.</li> <li>- Cooperación e altruísmo fronte a competencia e egoísmo.</li> <li>- A convivencia social.</li> <li>- As virtudes do diálogo e as normas de argumentación.</li> <li>- A resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- A empatía cos demais.</li> <li>- A política.</li> <li>- Conceptos clave: lei, poder, soberanía, xustiza e dignidade.</li> <li>- Formas de Estado e tipos de goberno.</li> <li>- A democracia: principios, procedementos e institucións.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O Estado español como estado social e democrático de dereito.</li> <li>- Valores constitucionais.</li> <li>- A memoria democrática.</li> <li>- A sociedade e a cidadanía plural.</li> <li>- O interculturalismo.</li> <li>- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.</li> <li>- Os dereitos LGTBIQ+.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Vivir en democracia	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade como a loita contra a desigualdade e a pobreza, o dereito ao traballo, a saúde, a educación e a xustiza, así como sobre os fins e límites éticos da investigación científica.	Contribuír a xerar un compromiso activo co ben común a través da análise e a toma razoada e dialogante de posición arredor de cuestións éticas de actualidade	PE	100
CA2.4 - Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres, a través da análise das diversas xeracións e correntes do feminismo e das medidas de prevención da desigualdade, a violencia e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual, mostrando igualmente coñecemento dos dereitos LGTBIQ+ e recoñecendo a necesidade de respectalos.	Tomar consciencia da loita por unha efectiva igualdade de xénero e do problema da violencia e explotación sobre as mulleres e a discriminación por razón de xénero e orientación sexual		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A participación democrática: ser cidadáns.</li> <li>- Outras formas de participación social: o asociacionismo e o voluntariado.</li> <li>- A procura da xustiza social.</li> <li>- A desigualdade económica e a loita contra a pobreza.</li> <li>- Globalización económica e bens públicos globais.</li> <li>- O comercio xusto.</li> </ul>

### Contidos

- O valor social dos impostos.
- A igualdade de xénero.
- As diversas ondas e correntes do feminismo.
- A prevención da explotación e a violencia contra nenas e mulleres.
- A corresponsabilidade nas tarefas domésticas e de coidados.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- Os desafíos da democracia actual.
- Os códigos deontolóxicos.
- As éticas aplicadas.
- Fins e límites éticos da investigación científica. A bioética.
- O desafío da intelixencia artificial.
- As propostas transhumanistas.

UD	Título da UD	Duración
6	Os dereitos humanos	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita, informada e eticamente fundamentada sobre o valor e pertinencia dos dereitos humanos, o respecto pola diversidade etnocultural, a consideración dos bens públicos globais, a percepción do valor social dos impostos.	Contribuír activamente ao benestar social adoptando unha posición propia, explícita e informada	PE	100
CA2.6 - Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática do noso país e das funcións do estado de dereito e as súas institucións, os organismos internacionais, as asociacións civís e os corpos e forzas de seguridade do Estado, no seu empeño por lograr a paz e a seguridade integral, atender as vítimas da violencia e promover a solidariedade e cooperación entre as persoas e os pobos.	Contribuír á consecución dun mundo máis xusto e pacífico a través da análise e recoñecemento da historia democrática e das funcións do estado de dereito e as súas institucións		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

## Contidos

- Os dereitos humanos.
- Referente moral da democracia e a xustiza social.
- Xeracións e historia dos dereitos humanos.
- Dereitos da infancia.
- Os dereitos económicos, sociais e culturais: o dereito ao traballo, á saúde, á educación e á xustiza.
- A sociedade e a cidadanía plural.
- O interculturalismo.
- A inclusión social e o respecto pola diversidade e as identidades étnico-culturais e de xénero.
- Os dereitos LGTBIQ+.
- A convivencia pacífica e segura.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia política.
- A atención ás vítimas da violencia.
- Accións individuais e colectivas en favor da paz.
- A contribución do Estado e os organismos internacionais á paz, á seguridade integral e á cooperación.
- O dereito internacional e a cidadanía global.
- As forzas armadas e a defensa ao servizo da paz.
- O papel das ONG e das ONGD na loita pola paz.

UD	Título da UD	Duración
7	Desigualdade nun mundo global	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das causas e consecuencias dos máis graves problemas ecosociais que nos afectan.	Describir as relacións históricas de interconexión, interdependencia e ecodependencia entre as nosas vidas e a contorna a partir da análise das súas causas e consecuencias	PE	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Vida responsable co contorno e protección do medio ambiente.</li> <li>- Percorrido crítico sobre as diferentes formas de relación do ser humano coa natureza ao longo da historia e a pegada ecolóxica das accións humanas no planeta.</li> <li>- Empatía e responsabilidade co contorno: interdependencia, interconexión e ecodependencia.</li> <li>- A protección do medio ambiente e os dereitos para coa natureza: dereitos humanos de terceira xeración.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Sostibilidade e medio ambiente	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar distintas formulacións científicas, políticas e éticas coas que afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental a través da exposición e o debate argumental arredor destas.	Valorar distintas formulacións que permiten afrontar a emerxencia climática e a crise ambiental		
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consumo responsable para unha vida sustentable no planeta.</li> <li>- Os límites do planeta e o esgotamento dos recursos.</li> <li>- Obxectivos do desenvolvemento sustentable: axenda cara a 2030 para un planeta sustentable.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Economía sustentable e ecolóxica na globalización, e nova lóxica do crecemento: economía circular e economía azul.</li> <li>- Hábitos para unha xestión adecuada dos recursos e tratamento preventivo dos residuos. A mobilidade segura, saudable e sustentable.</li> <li>- Consumo responsable e soberanía alimentaria.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en dereitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
9	Accións para un mundo mellor	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, contribuíndo por si mesmo e na súa contorna ao tratamento preventivo dos residuos, a xestión sustentable dos recursos, a mobilidade segura, sustentable e saudable, o comercio xusto, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	Promover estilos de vida eticamente comprometidos co logro dun desenvolvemento sustentable, o consumo responsable, o coidado do patrimonio natural, o respecto pola diversidade etnocultural, e o coidado e protección dos animais.	TI	100
CA3.4 - Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos, e recoñecendo e valorando os dos demais en distintos contextos e arredor de actividades creativas e de reflexión individual ou dialogada sobre cuestións éticas e cívicas.	Desenvolver unha actitude de xestión equilibrada das emocións, de estima e coidado de si mesmo e dos outros, identificando, analizando e expresando de maneira asertiva as propias emocións e sentimentos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas científicas e ético-políticas arredor dos problemas ecosociais.</li> <li>- Xustiza ecolóxica.</li> <li>- Ética medioambiental: ecocentrismo, biocentrismo e extensionismo.</li> <li>- Ecofeminismo e ética do coidado.</li> <li>- Protección e dereitos dos animais.</li> <li>- Valores éticos e democráticos como fundamento para unha conduta empática e respectuosa cara aos animais.</li> <li>- O ser humano como animal político: dereitos humanos da solidariedade para unha conduta cos animais baseada en</li> </ul>

## Contidos

- dereitos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na materia de Educación en Valores Cívicos e Éticos desenvolverá o seu currículo e tratará de asentar de xeito gradual e progresivo as aprendizaxes que lle faciliten ao alumnado o logro dos obxectivos da materia e, en combinación co resto de materias, unha adecuada adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos da etapa.

Neste sentido, no deseño das actividades, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos do perfil de saída e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe, que se presentan nos apartados seguintes, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

Os conceptos e procedementos que corresponden á materia de Valores Cívicos e Éticos non se deben transmitir nin única nin fundamentalmente dun modo memorístico, senón a través do descubrimento persoal, por parte do alumno, dos aspectos centrais dos contidos analizados, dos conceptos que agochan neles e dos conflitos e as implicacións que latexan tras cada un de tales conceptos.

Neste sentido, as materias adscritas ao departamento de Filosofía han de concibirse como o lugar e a ocasión para que, a partir das motivacións e circunstancias particulares de cada grupo e cada alumno, detecten, expresen e analicen (a través da experiencia e a participación) non so unha comprensión ampla e precisa das aportacións da Filosofía, senón tamén de implicación de todos estes aspectos coa realidade multicultural e globalizada en que vivimos. Sería un obxectivo prioritario que o alumnado rematase o curso cunha visión persoal e ética da existencia da especie humana, da súa sociedade e da súa propia vida cotiá.

Os alumnos e as alumnas deberán desenvolver un pensamento e unha actitude críticos que se sustenten en competencias clave tanto para comprender o mundo coma para tomar unha actitude de compromiso social e cívico. Por iso farase fincapé na necesidade de analizar, formular e dar solucións a problemas presentados polos textos tamén cun fondo ético.

Desde esta perspectiva, a liña metodolóxica que rexerá as accións docentes nesta área desenvolverase a través de métodos activos, indutivos e mixtos; é dicir, métodos eminentemente participativos onde se alterna o traballo individual co traballo en grupo.

A aplicación dos devanditos métodos leva implícita a utilización de estilos de ensino socializadores, cognitivos e creativos, para conseguir que os seus xuízos e eleccións dirixan a súa conduta e as súas relacións sociais cara ao benestar común.

Neste contexto metodolóxico, o estudante convértese en protagonista da súa propia aprendizaxe, mentres que o docente vai cedendo terreo para que o alumnado logre maior autonomía nas súas aprendizaxes e cree estruturas cognitivas que lle permitan un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.

A finalidade propedéutica e orientadora da Filosofía e do análise dos valores esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas). Isto lograrase de acordo cos criterios metodolóxicos seguintes:

-Adaptación ás características do alumnado, ofrecendo actividades diversificadas de acordo coas capacidades intelectuais propias da etapa.

-Autonomía: facilitar a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo.

-Actividade: fomentar a participación do alumnado na dinámica xeral da aula, combinando estratexias que propicien a individualización con outras que fomenten a socialización.

-Motivación: procurar espertar o interese do alumnado pola aprendizaxe que se lle propón.

-Integración e interdisciplinariaidade: presentar os contidos cunha estrutura clara, mostrando as relacións entre os contidos de Filosofía e os doutras disciplinas doutras áreas.

-Rigor e desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel (analíticas, explicativas e interpretativas).

-Variedade na metodoloxía, dado que o alumnado aprende a partir de fórmulas moi diversas.

Máis concretamente, estes criterios metodolóxicos deben ter en conta os criterios de avaliación seguintes:

-Ler comprensivamente e analizar, de forma crítica, textos significativos e breves.

-Argumentar e razoar os propios puntos de vista sobre as temáticas mostradas nos textos de forma oral e escrita, con

claridade e coherencia.

-Seleccionar e sistematizar información obtida de diversas fontes.

-Analizar e argumentar sobre temas propostos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto "Educacion en valores cívicos y éticos" Editorial OXFORD 2022
Elaboración de resúmenes, esquemas, síntesis, cuadros comparativos e mapas conceptuais a partir de textos de diversa índole.
Lectura, análise e resúmen-comentario de textos e de libros recollidos de diversos ámbitos e que reflexionen acerca da realidade natural, social, cultural, ou humana da mente.
Planificación e execución, a partir de diferentes fontes de información (bibliográficas e informáticas) de pequenos traballos de investigación e disertación acerca dos problemas tratados, valorándose a súa presentación en soporte informático, para a súa exposición e debate.
Visionado e comentario oral e por escrito dalgunha película ou documental
Técnicas de ensino recíproco e a discusión guiada con técnicas de visualización ou de role play
Outros medios e fontes de información: dicionarios, historias, textos clásicos, revistas, xornais, páxinas web, entre outros.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Con respecto a avaliación inicial, o primeiro que hai que dicir é que os alumnos van cursar unha materia específica de valores éticos (en educación primaria puideron ter cursada voluntariamente unha materia de valores sociais e cívicos), polo que non se lle deben dar por supostos coñecementos previos sobre esta materia. Polo tanto, a avaliación inicial centrarase máis ben nas habilidades de comprensión, razoamento, argumentación, expresión, busca de información, etc., obtidas na educación primaria e que proporcionan a base sobre a que se vai apoiar o inicio da aprendizaxe na ESO e nesta materia en particular. A tal efecto, durante as primeiras semanas do curso, pediráselle aos alumnos que busquen información sobre un tema social do seu interese, que resuman as conclusións ás que chegaron e que as expoñan ante a clase.

Os resultados desta avaliación serán tidos en conta para adaptar a metodoloxía ás necesidades dos alumnos e para adoptar, de ser o caso, as medidas individuais de adaptación do currículo (medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular significativa) que se consideren necesarias. Medidas que se analizarán nas reunións de avaliación inicial que os equipos docentes celebrarán a principio de curso.

Por outra parte, co obxectivo de detectar cal é a base real á que teñen que acomodarse as actividades de aprendizaxe, no inicio de cada bloque temático, están contempladas actividades de contextualización e exploración de conceptos previos que permitirán adaptar a metodoloxía didáctica e a introdución de contidos novos ás necesidades dos alumnos (a súa zona de desenvolvemento potencial); e tamén, de ser o caso, á adopción das medidas individuais de reforzo que se consideren precisas.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	100	100	100	100	100	100	0	0	<b>66</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	0	0	0	0	0	0	100	100	<b>34</b>

### Criterios de cualificación:

Continua: levarase a cabo mediante o debate, posta en común de actividades e traballos, corrección de exercicios que podemos dividir nos seguintes tipos:

- Actividades conceptuais. Nelas os alumnos e alumnas deberán ser capaces de manexar un vocabulario específico e definir con precisión e claridade os conceptos centrais de cada unidade.
- Actividades de comentario de texto. Fundamentalmente, o alumnado debe ser capaz de analizar un texto, identificando o seu tema, tese, ideas secundarias así como os argumentos ou estruturas de razoamento do texto.
- Actividades de síntese. Este tipo de actividades están orientadas á comprensión dos contidos temáticos das diferentes unidades e á reelaboración dos devanditos contidos. O alumnado debería poder entender e expoñer os principais puntos do tema e razoar a partir deles.
- Actividades de razoamento e argumentación. Supoñen unha maior autonomía por parte do alumnado, posto que debe elaborar unha idea fundamentada e apoiada nunha serie de argumentos. Esta actividade pode realizarse de forma escrita, como unha redacción, unha toma de postura ante unha tese, etc., ou oralmente, nunha exposición pública ou nun debate.

Para a cualificación desas probas seguirase un criterio global. Terase en conta non so a mera exposición de contidos senón tamén a precisión e o rigor na exposición, a coherencia e o nivel de profundidade acadado, a orixinalidade e a capacidade crítica, expresións de madurez persoal; valorándose ademais o esforzo por aplicar os coñecementos adquiridos.

En calquera caso os criterios de cualificación virán determinados polos seguintes criterios de avaliación xeral:

- A habilidade na construción de conceptos e o seu uso efectivo nas diferentes actividades.
- Capacidade de análise dos problemas relacionados así como da xustificación dos distintos argumentos e contra-argumentos nos debates ou resolución de dilemas.
- Desenvolvemento das capacidades de razoamento, sentimentos e vontade na elaboración da personalidade e a toma de decisións.
- Ser quen de separar e distinguir os ámbitos privado e público para o ámbito das decisións e accións humanas.
- Procurar a integración e coherencia entre os coñecementos teóricos dos valores e a aplicación e uso dos mesmos nas súas accións cotiás no centro de ensino.

Final: A nota final do alumnado responde a seguinte proporción:

A. Entrega do caderno do alumnado: 30%

Neste caderno o alumno recollerá todos os exercicios, sínteses de debates, comentarios de texto e de noticias de actualidade propostas polo profesor.

B. Traballo na aula e participación activa: 70%

Traballo na aula e aproveitamento das sesións para a elaboración dun caderno onde ser recollen as actividades semanais así como a participación activa en debates e reflexións grupais e por parellas levadas a cabo nas sesións da aula respectando as opinións e expresións dos compañeiros e compañeiras. O traballo e a implicación na creación de material audiovisual (realización de curtometraxes) será parte importante neste apartado.

### **Criterios de recuperación:**

Ordinaria: O alumnado poderá entregar o caderno completo na primeira semana da seguinte avaliación. Deberá entregar correctamente realizadas e con boa presentación as actividades da aula, así como os traballos que correspondía realizar.

Extraordinaria: A avaliación extraordinaria constará da entrega do caderno por parte do alumnado coas actividades realizadas durante todo o curso, así como os traballos audiovisuais. No momento da entrega a docente poderá seleccionar, se así o considera, que o alumnado repita ou comente algunha das actividades do caderno durante a hora da sesión de recuperación extraordinaria.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

En xeral, cabe apuntar que dentro do plan de recuperación dos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, establécese como criterio o seguimento continuado a través de distintos cuestionarios e outras actividades que cumprirán as indicacións arriba expostas.

Cada trimestre recibiríanse as actividades dos alumnos-as en Edixgal, establecéndose os obxectivos para o seguinte período, avaliándose o traballo e repartíndose as novas actividades.

Se con esta dinámica non se acadase a consecución dos obxectivos establecidos, habería unha proba escrita a finais do mes de maio (para a convocatoria ordinaria de xuño) ou xuño, seguindo o calendario establecido desde a CCP.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

O tratamento á diversidade debe incidir en atender no posible as circunstancias persoais do alumnado e ó contexto no que se desenvolve a súa educación, así como en ter en conta os intereses e motivacións do alumnado.

Polo tanto, coa finalidade de atender no posible ás peculiaridades persoais do alumnado dentro do seu proceso de aprendizaxe, ó longo do curso adoptaranse medidas tendentes a proporcionar certos reforzos pedagóxicos ós alumnos e alumnas que os necesiten, así como a programar aprendizaxes complementarios para aquel alumnado que, polas súas especiais aptitudes, excedan o nivel medio do curso en canto a coñecementos da materia. Como medidas de reforzo á aprendizaxe, propóñense as seguintes:

-Programar actividades, exercicios, lectura e comentario de textos, etc. máis sinxelos para o alumnado con dificultades de aprendizaxe; sobre todo, nos primeiros meses de clase. Desta maneira, intentarase que progresivamente comprendan os principios esenciais para poder introducirse, posteriormente, naqueles temas máis abstractos ou complexos.

-Proporcionarlles axuda directa naquelas actividades que se realicen na aula, coa finalidade de ir orientando de maneira personalizada o seu proceso de aprendizaxe.

-Incluír dentro do seu plan de traballo actividades sinxelas e adicionais que lles permitan cubrir as lagoas conceptuais que posúan.

-Nos traballos en grupo, organizar estes de tal maneira que este alumnado se atope distribuído en diferentes grupos, co fin de poder ser axudados polos compañeiros con mellor rendemento académico na realización das tarefas.

-Se existise alumnado de altas capacidades ou cun maior nivel de coñecementos, programaríanse medidas pedagóxicas complementarias:

- a) lecturas dirixidas de libros ou textos de maior dificultade conceptual; e
- b) actividades complementarias sobre aqueles temas que máis lles interesasen.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento da creatividade e o espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Orientación da conduta cara a valores democráticos e éticos	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Fomento da creatividade e o espírito crítico	X
ET.5 - Orientación da conduta cara a valores democráticos e éticos	X
ET.6 - Competencia dixital	X
ET.7 - Emprendemento social	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Educación emocional e en valores	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
asistencia a conferencias, representacións teatrais ou proxeccións	programadas dende o centro como as que teñen lugar na cidade e teñan que ver co currículo do curso. Será de especial relevancia a coordinación coas actividades da biblioteca e da comisión de igualdade do centro.

### Observacións:

Como actividades complementarias propoño a asistencia a conferencias, representacións teatrais ou proxeccións, tanto programadas dende o centro como as que teñen lugar na cidade e teñan que ver co currículo do curso.

O alumnado realizará un video no que se denuncien situacións de inxustiza social, discriminación ou abusos.

Será de especial relevancia a coordinación coas actividades da biblioteca, da comisión de igualdade do centro e do Comité pola Defensa dos Dereitos do colectivo LGTBIQ+ do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
A metodoloxía foi activa e participativa.
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Planificouse a acción educativa previamente en función do grupo
O clima da aula foi relaxado.
O alumnado participa espontaneamente
Facilitouse a interacción entre o alumnado e entre este a docente
Non existen conflitos internos significativos
Non hai dificultades nas relacións entre o alumnado
A miña relación co alumnado é satisfactoria
Fomentouse a tolerancia, a responsabilidade e o autocontrol
Tivéronse en conta os coñecementos previos
Motivouse ao alumnado
O alumnado interesouse polas tarefas.
Respectáronse os diferentes ritmos de aprendizaxe.
Atendeuse correctamente ao alumnado con dificultades. .

Evitouse a competitividade e as comparacións
Atendeuse e revolvéronse as dúbidas.
Foron previstas as posibles dificultades que puideran presentar.
Explicouse ao alumnado os criterios de avaliación Informouse dos resultados ao alumando.
Planificáronse actividades grupais.
Propicio o traballo en equipo.
Realizáronse actividades de avaliación inicial.
Avaliáronse as aprendizaxes ao longo do proceso.
Avaliáronse os resultados obtidos.
Utilizouse instrumentos variados acordes coa metodoloxía.
Realizáronse as actividades no tempo previsto.
Existiron perdas de tempo inevitables.
Axusto o tempo ao ritmo de aprendizaxe.
Integráronse as TIC no proceso educativo.
Fomentouse a autoavaliación e coavaliación do alumnado.

**Descrición:**

Escala de observación trimestral, por unidade didáctica e da programación no seu conxunto

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Dentro do procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora destacan 3 elementos que están directamente relacionados con varios momentos ao longo do desenvolvemento da programación:

- A necesidade dunha avaliación inicial: durante o desenvolvemento das clases e final sobre os contidos asimilados por parte do alumnado.
- Avaliar a miña propia actividade como docente. Para elo propono unha escala de observación trimestral, por unidade didáctica e da programación no seu conxunto
- Propoñer ao alumnado unha avaliación trimestral das dinámicas da aula mediante a realización dun cuestionario anónimo.

**9. Outros apartados**